

UGT ESIXE UNHA RECONSTRUCCIÓN SOCIAL, ECONÓMICA E LABORAL XUSTA EN GALICIA

O Sindicato pide coordinación entre as administracións para un bo aproveitamento dos fondos europeos cara unha Galicia competitiva e con emprego de calidade

Redacción.- Co gallo da celebración do 25 de Xullo, a Comisión executiva de UGT-Galicia transmitiulle, en primeiro lugar, a toda a cidadanía galega os parabéns pola celebración da súa data máis sinalada, que xa por terceiro ano consecutivo celébrase nunha situación de pandemia á que este ano se lle engade unha guerra ao carón das fronteiras europeas que está a xerar unha conxuntura complexa a nivel económico a nivel europeo e que, polo tanto, estase a trasladar tamén ao eido laboral e á situación das familias.

Por iso, e para que os fogares, as familias e os traballadores non sexan de novo os pagáns da crise, como sucedeu no 2008, UGT-Galicia esixiu este 25 de Xullo que a recuperación, a reconstrución, se faga dun xeito xusto, igualitario e sustentable. Neste senso, o Sindicato advirte que a polarización e as liortas políticas poden afastar ás administracións dunha correcta xestión e bo aproveitamento dos fondos europeos para camiñar cara unha Galicia competitiva e con emprego de calidade.

Para UGT, esta data é unha xornada de celebración para todos e todas as galegas pero tamén é unha xornada reivindicativa e de lembranza. Lembranza para todos os que perderon a vida nestes tres últimos anos como consecuencia da COVID-19, para todos aqueles que aínda padecen as súas secuelas, para todos e todas as traballadoras, sobre todo do sector sanitario, que seguen a facer importantes esforzos na loita contra esta pandemia que aínda non cesou, lembranza tamén para as vítimas dunha guerra cruenta e inxusta que está a ter lugar ás portas da UE e lembranza tamén nesta data para as vítimas e as



súas familias do sinistro ferroviario de Angrois que hai 9 anos sacudiu á sociedade galega na xornada previa ao 25 de xullo.

Neste 25 de Xullo, dende UGT esixiuse un presente e un futuro mellor para todas as galegas e galegos. Se ben é certo que o traballo conxunto de administracións e sindicatos permitiu poñer en marcha mecanismos, como os ERTE, reforma laboral ou reforma de pensións, suba SMI, entre outros, que están a servir de colchón para amortecer os efectos da crise, tamén é certo que queda moito por facer.

Os traballadores e traballadoras, cunha inflación desbocada, do 10,2% no Estado e do 11,1% en Galicia, estaban intentando respirar tras os momentos máis duros da crise sanitaria pero agora vense aogados de novo pola subida dos prezos e outras consecuencias da guerra en Ucraína.

O primeiro paso debe ser a suba salarial e que se garantan cláusulas de revisión en todos os convenios para evitar a perda de poder adquisitivo dos traballadores e traballa-

doras que non se pode esquecer que, ao final, son os que poden mover a demanda interna e axudar a saír así desta crise pero que, dificilmente, o poderán facer se, mes tras mes, perden poder de compra.

Neste mesmo senso, dende UGT incídese en que tamén hai que seguir protexendo dende as administracións as rendas máis desfavorecidas e atallar o aumento excesivo das marxes das empresas dos sectores enerxéticos e doutros que están aproveitando a situación para especular e elevar os seus beneficios. Así, as medidas anunciadas polo Goberno central van na boa dirección. Pero aínda debe vixiar de xeito máis contundente o comportamento especulativo doutros sectores responsables da espiral inflacionista. E, ante o bloqueo da patronal no diálogo social para repartir esforzos ante a crise, o chamado pacto de rendas, o Goberno pode e debe ser máis incisivo.

En Galicia, a Xunta debe facer unha aposta clara pola mellora e a modernización das políticas activas

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

de emprego que, xunto coa aplicación da reforma laboral, deben ser instrumentos prioritarios para a mellora da calidade do emprego nesta Comunidade. Para elo, UGT-Galicia insta á Xunta a que reactive as mesas de diálogo social co fin de afrontar este importante reto.

Por outra banda, a Xunta tamén debe asumir as competencias que lle son propias en materia industrial porque son moitos os frontes abertos neste eido en Galicia. Hai que traballar xa para disipar as numerosas incertezas que rodean a este sector, falta de traballo, elevado

prezo da electricidade e o proceso de transformación enerxética. Estes riscos fan inaprazable a posta en marcha dunha política industrial na que se aposte por actividades de alto valor engadido e que aborde con especial atención o problema enerxético.

Tamén urxe o reforzamento dos servizos públicos que, sobre todo, no eido sanitario, están a amosar importantes eivas co conseguinte prexuízo para a cidadanía. Requírese maior investimento, recuperar o financiamento anterior aos recortes do 2012 así como máis emprego e máis estable. Cómpre reducir a abusiva temporalidade no sector público

e eliminar as encomendas de xestión fraudulentas. Só así se poderán facer efectivos dereitos fundamentais como o dereito á saúde, á educación, á seguridade e á protección social.

En definitiva, para todo isto, o que pide a cidadanía é sumar, construír consensos para unha reconstrución social e económica de Galicia xusta e que non deixe a ninguén atrás. Hai que facelo sobre bases sólidas, en liña co que reclama a sociedade, reparando as eivas detectadas durante a pandemia e agora co contexto bélico ás portas de Europa, mais tamén as históricas que arrastramos.

A EPA DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2022 REFLECTE O CONTINUO AUMENTO DAS PERSOAS CON CONTRATOS INDEFINIDOS, 26.600 MÁIS RESPECTO Ó TRIMESTRE ANTERIOR E NO ANO 61.100 MÁIS

A REFORMA LABORAL DEIXA PASO A UN EMPREGO CADA VEZ MÁIS ESTABLE E SEGURO

Fan falta políticas máis contundentes para conter a inflación e protexer as rendas salariais

Redacción.- Os datos da EPA do segundo trimestre do ano, publicados este xoves polo INE, mostran unha cifra total de 139.400 desempregados en Galicia, un 1,1% menos que no trimestre anterior, situando a taxa de paro en 11,2%. Pola súa banda, o número de ocupados incrementábase nun 1,3%.

A información confirma o cambio de tendencia que xa se apuntaba no anterior trimestre, consolidando a mellora na calidade do emprego creado e mostrando a eficacia da nova reforma laboral para combater algunhas das deficiencias estruturais do noso mercado laboral. Neste sentido, e en liña cos obxectivos da reforma, cabe destacar a notable caída da temporalidade, deixando paso a un emprego cada vez máis estable e seguro.

Con todo, e a pesar dos resultados positivos, UGT considera que é necesario seguir avanzando na mellora de dereitos da clase traballadora, pois non só segue habendo algunhas cuestións que quedan pendentes por negociar, senón que a actual crise inflacionista require actuacións urxentes que aseguren a calidade de vida das persoas traballadoras.

Por iso, cunha inflación por encima do 10%, incrementar as rendas salariais é unha cuestión de vital importancia para soste-la capacidade adquisitiva das persoas traballadoras. Se a raíz da inflación non son os salarios, non hai razón para que estes só subisen un 3,77% de media ata xuño, - un incremento que queda moi curto e que xa está a ter graves repercusións no poder ad-

quisitivo das familias-.

Fan falta políticas máis contundentes para conter a inflación e protexer as rendas salariais, iniciando un proceso de diálogo urxente para repartir os custos da maneira máis xusta posible, sen que iso tampouco supoña un lastre para a actividade económica das pequenas empresas.

Subir salarios e actuar contra o paro de longa duración

Doutra banda, hai que afrontar outro reto pendente, o do paro de longa duración, que se mantén en niveis aínda moi elevados e debe ser tratado a través dunhas Políticas Activas de Emprego realmente eficaces e personalizadas en función das necesidades particulares das persoas desempregadas.

Para iso, a nova Lei de Emprego debería ser capaz de regular e establecer un sistema de financiamento adecuado e suficiente, dotando aos Servizos Públicos de Emprego do persoal técnico necesario para que poidan desempeñar o seu labor con eficacia.

Ademais, requírense actuacións complementarias en materia de xustiza social, ampliando a contía e cobertura das prestacións sociais para evitar abrir novas brechas de desigualdade e pobreza. Políticas que son necesarias non só no plano social, senón tamén no económico, ao soste-la



demanda interna da economía e a actividade das empresas creando un escenario favorable para que a reforma laboral poida espremer ao máximo todo o seu potencial xerando emprego estable e de calidade.

Radiografía da EPA en Galicia

Os datos amosan que hai en Galicia 28.500 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 2,6%) e, en relación ó primeiro trimestre de 2022, hai unha mellora da ocupación, con 13.800 persoas máis.

Aínda así, aínda que a EPA amosa, sobre todo en relación ó ano anterior, unha certa remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53,2%, fronte ó 58,7% do resto do Estado.

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

Interanualmente, o paro caeu en 13.000 persoas, o que supón o 8,5%. E, en relación ó trimestre anterior, o paro baixou un 1,1%, en 1.600 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 139.400 persoas desempregadas, no 11,2%. No caso dos homes esta taxa é do 10,5% e do 11,9% no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 34,9%.

Por sectores, o emprego mellora na agricultura e pesca, cunha suba da ocupación dun 4% (2.500 ocupados máis), e no sector servizos, cun aumento do 1,7% (13.600 ocupados máis). Pola contra, baixa esta na industria, nun 0,3% (500 ocupados menos), e na construción, nun 2,4% (1.800 ocupados menos). En relación ao mesmo trimestre do ano anterior, a ocupación baixa na

agricultura e pesca (3%), industria (0,2%) e na construción (5,6%). Só sube no sector servizos, en relación a hai un ano, nun 4,6%.

Hai en Galicia un total de 899.500 asalariados, mellorando con respecto ó trimestre anterior, en 7.300 (0,8%), e ó ano, 32.500 (3,75%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que mellora. Cae ata o 20,1%, case en dous puntos en relación ao trimestre anterior, cando era do 22,5%. Dáse un fortísimo aumento no trimestre da poboación asalariada con contrato indefinido, do 3,8%, e unha caída dos temporais, dun 9,7%. No ano tamén comeza a notarse a estabilidade do emprego, aumentando a poboación asalariada con contrato indefinido nun 9,29% e baixando a temporal nun 13,65%.

O que si hai que salientar é que a par-

cialidade segue a estar en niveis altos, do 14%, sendo o 49,1% da mesma de carácter involuntario.

Difícil situación para moitos fogares e máis de 52.000 persoas que levan máis dun ano no desemprego

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 52.500 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. E 27.500 fogares que non perciben ingresos.

Das 139.400 persoas que están no desemprego, 52.900 levan máis dun ano nesta situación.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS EN PESCANOVA-ARTEIXO POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Os traballadores e traballadoras da factoría que Pescanova ten en Arteixo mobilizáronse de novo este mércores fronte á sede de Abanca, accionista maioritario do grupo, na Coruña para reclamar un convenio xusto. A semana pasada decidiron retomar as mobilizacións despois de que o pasado día 19 se celebrase a última reunión coa empresa sen que se puidese pechar ningún tipo de acordo.

Os traballadores e traballadoras demandan a cantidade de 190 euros ao ano, a empresa só lles ofrece 110, para compensar as diferenzas salariais que existen a día de hoxe coas outras factorías do grupo.

Ante a falta de acordo, retomáronse as mobilizacións. O xoves da semana



pasada tivo lugar unha concentración fronte á sede de Abanca na Coruña que se repetiu este mércores.

Dende o Comité de empresa déixase

ben claro que continúan dispostos a negociar para intentar chegar a un acordo, pero un acordo que sexa digno e suficiente para os traballadores e as traballadoras do centro de Arteixo.

38 MILLÓNS DE PERSOAS TRABALLADORAS, SEN VACACIÓNS ESTE VERÁN

Redacción.- Un estudo da Confederación Europea de Sindicatos (CES), da que UGT forma parte, revela que máis de 38 millóns de persoas en Europa non poden permitirse unha semana de vacacións a pesar de traballar. A crise do custo da vida está a presionar ás persoas traballadoras, que cada vez declaran máis dificultades para chegar a fin de mes, o que afasta aínda máis a posibilidade dunhas vacacións

O estudo, realizado a partir de datos de Eurostat traballados polo Instituto Sindical Europeo (ETUI), sinala que a proporción da

poboación que non pode permitirse unhas vacacións aumentou en máis da metade dos Estados membros desde 2019 e, mesmo, a proporción de traballadores e traballadoras nesta situación aumentou en 11 países.

Isto coincide cun aumento da cota de beneficios das empresas europeas e significa que os directivos e accionistas estiveron gañando máis diñeiro para si mesmos a expensas das persoas traballadoras.

Para a CES, é moi probable que o nú-

mero de persoas en situación de pobreza nesta zona aumente aínda máis debido á crise do custo da vida e á inflación, o que subliña a necesidade dun aumento salarial decente este verán para os traballadores de toda a UE.

A CES reclama medidas urxentes para facer fronte á emerxencia salarial en Europa. A UE e os gobernos nacionais tamén deben apoiar aos seus empregados despregando os medios necesarios para mitigar o impacto da crise dos prezos da enerxía e os alimentos e apoiar os ingresos.

O AUMENTO DO TEITO DE GASTO DEBE IMPULSAR UNS PXE EXPANSIVOS E SOCIAIS

Redacción.- Por terceiro ano consecutivo, alcánzase un gasto máximo histórico, que debe impulsar uns Orzamentos Xerais do Estado para 2023 que supoñan un reforzo estrutural do Estado de Benestar e apontoen unha saída á crise baseada na solidariedade e a xustiza social, evitando así un novo recorte da calidade de vida das familias do noso país

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores valora a elevación do teito de gasto a 198.221 millóns de euros (un 1,1% máis que o ano anterior) aprobado polo Consello de Ministros, que supón o pistoletazo de saída para o proceso de tramitación dos Orzamentos Xerais do Estado (PGE) de 2023. Desta forma, por terceiro exercicio consecutivo, alcánzase un novo máximo histórico, o cal vén favorecido pola suspensión das regras fiscais na UE desde o ano 2020, como consecuencia do estalido da pandemia, e que actualmente se mantén como resposta á crise derivada da invasión rusa en Ucraína.

Para UGT, este aumento debe impulsar uns PGE que supoñan un reforzo estrutural do noso Estado de Benestar, pois só así evitaremos que o difícil contexto ac-

tual veña acompañado de novas fracturas sociais. Ademais, o sindicato valora tamén a decisión da Comisión Europea de suspender un ano máis as normas fiscais, aínda que queda pendente unha reforma ampla do marco fiscal e de gobernanza da UE, inoperante ante crises económicas cada vez máis recorrentes.

Por iso, UGT reivindica que, lonxe de iniciar unha nova e inxustificada senda de recortes e austeridade, os PGE do próximo sirvan para consolidar o cambio de rumbo experimentado tras o estalido da pandemia. Uns PGE que deben recoller un reforzo orzamentario das principais partidas de gasto social, o cal debería vir acompañado dun aumento da cobertura das prestacións (desemprego, IMV, dependencia, etc.); e deben servir de panca para seguir impulsando algúns dos importantes retos estruturais que temos por diante (demográfico, ecolóxico, dixital, etc.), con axuda dos fondos europeos, cuxa implementación debe ter en conta o diálogo social para garantir un proceso democrático e efectivo.



Así mesmo, o sindicato reclama que a mellor forma de financiar estas políticas sexa levando a cabo unha reforma fiscal integral que eleve os ingresos públicos e sitúenos á altura da media europea en termos de recadación (actualmente, España ingresa 4 puntos menos sobre o PIB que a media da UE). Tan importante é incrementar os recursos públicos como que iso se produza sobre a base dunha mellora da progresividade fiscal, é dicir, elevando a achega das persoas e empresas que máis teñen e ingresan. En definitiva, nas nosas mans está que os novos PGE apontoen unha saída á crise baseada na solidariedade e a xustiza social, evitando así un novo recorte da calidade de vida de quen peor o están pasando.

A DIXITALIZACIÓN REQUIRE MÁIS QUE NUNCA DUNHA NEGOCIACIÓN COLECTIVA FORTE E EFICAZ

Redacción.- O vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Mariano Hoya, interveu nun curso sobre “A transición dixital: unha oportunidade para a formación, a economía e o emprego”, onde abordou a “dixitalización, impacto económico e transformación dixital: clave para a recuperación económica, o impulso ao emprego e a equidade social?”.

Na súa intervención, no marco dos cursos de verán da Universidade Menéndez Pelayo (UIMP), Mariano Hoya sinalou que “os fondos europeos dedicados ao investimento en novas tecnoloxías puxeron a dixitalización no centro do debate, pero”, advertiu, “ponse moito foco sobre o efecto da dixitalización na economía e na sociedade, e pouco nos efectos deste vertixinoso cambio nas contornas laborais”.

Hoya subliñou que é necesario analizar en profundidade o impacto da dixitalización na empregabilidade da forza laboral do presente e do futuro, na calidade e cantidade de traballo e na incidencia das novas tecnoloxías na saúde mental no traballo.

“Neste sentido”, engadiu, “se non se asumen novas políticas, e o desenvolvemento tecnolóxico segue na mesma senda de avances, chegarase a un escenario de perda de volume neto de emprego ou, dito doutro xeito, a dixitalización por si mesma non impulsará o emprego nin a equidade social senón se regula a través do diálogo social”.

“Ademais, en relación a esta cuestión, hai lagoas importantes que hai que corrixir, como as relativas á fenda dixital, a escasa dixitalización das empresas españolas ou a falta de formación en competencias dixitais. Ademais, se falamos de dixitalización, debemos falar tamén dun teletraballo no que estamos á cola de Europa e que está en claro retroceso”.

Máis Negociación Colectiva e máis Diálogo Social

Mariano Hoya destacou que outro aspecto fundamental á hora de analizar a transformación dixital é a repartición do tempo de traballo. “Se queremos fomentar

o progreso económico e o cambio dixital e ambiental, é necesario favorecer a xornada de 32 horas semanais, que permitirá a creación de emprego e ademais facilitará unha repartición máis xusta do traballo doméstico e de coidados ou a mellora da formación e capacitación de traballadores e traballadoras, ao dispoñer de tempo para iso”.

“Esta redución debe producirse, en calquera caso, sen rebaixa salarial para garantir un crecemento máis xusto. Sobre todo, porque a redución da xornada non reducirá a produtividade, senón que nos achegará a outros Estados da UE. Ademais, garantir o mantemento salarial redundará nun maior crecemento que, á súa vez, servirá para redistribuír aínda máis e mellor a riqueza”.

“A pesar de que se adoita asumir que a tecnoloxía é neutral, os algoritmos non son tan imparciais como se prexulga e, de feito, o risco de discriminación aumenta, por todo iso, a dixitalización require máis que nunca dunha negociación colectiva forte e eficaz”, finalizou.

UGT REXEITA A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ESTRANXEIRÍA APROBADA EN CONSELLO DE MINISTROS

Redacción.- UGT e CCOO levaban meses reivindicando a necesidade de abrir de novo a mesa de diálogo social, xa que o consenso entre interlocutores sociais e Goberno nas materias que teñen que ver co mercado de traballo é necesario para lograr un equilibrio entre os intereses económicos e empresariais e os dereitos de traballadoras e traballadores. Unha mesa para abordar de forma tripartita cambios no regulamento da lei de estranxeiría e adaptalo á realidade actual, tanto no que se refería ao Catálogo de ocupacións de difícil cobertura, como outros elementos básicos como as autorizacións excepcionais. Así mesmo, a aprobación da reforma laboral supuxo unha severa disfunción no ámbito de estranxeiría, caracterizado pola vinculación dos permisos a contratos temporais de traballo que deixou obsoleto o regulamento.

A pesar disto, UGT lembra que o Goberno levaba xa tempo explotando a vía aberta polo Partido Popular, coa Lei de apoio a emprendedores, para atender peticións de sectores empresariais e económicos, eludindo así os controis básicos da normativa de estranxeiría e profundando na creación dunha vía privilexiada para as grandes empresas e traballadores e traballadoras con determinadas cualificacións, e horadando desta maneira os principios tripartitos acordados no marco do diálogo social.

Para UGT, a reforma que se aprobou esta semana en Consello de Ministros é precipitada e incompleta, precipitada por non producirse un marco real de negociación no ámbito do diálogo social coma se produciu en 2004 e 2011 mentres que se impulsou un procedemento dirixido polo ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, José Luis Escrivá, destinado a satisfacer de maneira case inmediata as supostas necesidades de sectores laborais que din requirir incorporación urxente de persoas migrantes.

Neste sentido, é un fraco favor o que fai este Ministerio á cohesión do mercado de traballo español cando, en lugar de apostar por mellorar as condicións de traballo de sectores precarizados -e moitas veces indignos- facilítaselles unha "man de obra subsidiaria" para colmar as súas la-



goas.

O Ministerio de Trabajo non debería avalar esta reforma

UGT tampouco entende o silencio do Ministerio de Trabajo e Economía Social ante unha reforma que na práctica volve inútil a xestión das ofertas de emprego, poñendo en cuestión a propia utilidade dos servizos públicos de emprego. Pero menos aínda, que cando este Ministerio fai bandeira de que neste país a falta de cobertura de determinados postos de traballo está determinada polas condicións de emprego, permita que, con determinadas figuras introducidas na modificación, eses mesmos postos poidan ser cubertos por traballadores e traballadoras inmigrantes, sen importar, neste caso, cales sexan as condicións.

Para UGT, hai unha serie de aspectos a valorar na reforma, como a modificación do arraigamento laboral, o social e o novo por colaboración coa administración laboral, pero quedan totalmente deslucidos polos elementos que, desde un punto de vista de fondo o Sindicato rexeita, como é a transformación da autorización de estancia para estranxeiros e estranxeiras por motivos de estudos nunha sorte de autorización para traballar por causa de formación, que supón pervertir a figura do estudante estranxeiro e transformalos nun pre traballador ou traballadora sen importar ou promover ou facilitar a fuga ou drenaxe de cerebros desde os países de

orixe e, de paso, volvendo inútil a consideración da situación nacional do emprego, porque os traballadores xa se atoparán aquí.

Ademais, ambas as organizacións consideran sospeitosa a figura do arraigamento por motivos de formación, que supostamente permitirá o acceso á documentación a través dunha formación previa en España e dirixida a satisfacer lagoas laborais de determinados sectores; e a figura máis importante, como é a determinación da situación nacional de emprego a través do catálogo de ocupacións de difícil cobertura, sofre unha "reforma interruptus", debido a que non se abarca unha reforma meditada na súa totalidade dos elementos que deben configurar un mecanismo áxil, eficaz e realista para avaliar as necesidades reais do mercado de traballo español.

O que se fai, na práctica, é invalidalo coa posibilidade de que a Comisión Delegada de Asuntos Económicos introduza as ocupacións que queira no mesmo, obviamente a petición de sectores económicos e empresariais e á marxe das organizacións sindicais.

Retomar o diálogo social efectivo en materia migratoria

Por iso, UGT chama a retomar o diálogo social efectivo en materia migratoria, que desde 2004 permitiu o desenvolvemento dunha política efectiva baseada no diálogo cos interlocutores sociais.